

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN EX SITU DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DAS RAZAS OVELLA GALEGA, CABRA GALEGA E PORCO CELTA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN 2023_2027.

Esta Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia e, en consecuencia, nos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a conservación dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia ameazados.

Antecedentes

A conservación dos recursos xenéticos pode contemplar actividades de conservación in situ, no seu medio natural, ou ex situ, fora dos sistemas de produción onde se desenvolve o recurso. Máis concretamente, as actuacións ex situ/in vivo comprenden o mantemento de rabaños para conservar a diversidade biolóxica fora do seu hábitat. O apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA
SERVIZO DE PRODUCIÓNS GANDEIRAS E BENESTAR ANIMAL
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T: +34 981 546 180
produccionsgandeiras@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





na gandería deben comprender actividades que fomenten a conservación in situ e ex situ, posto que se complementan.

O desenvolvemento de proxectos deste tipo contribúe eficazmente ao mantemento da variabilidade xenética mediante a realización de cruces dirixidos e permite garantir unha reserva de recursos da raza ou razas fronte ás posibles perdas que poidan ocorrer, ben a través da erosión ou como resultado de emerxencias. Ademais, serven de incentivo para o programa in situ xa que os gandeiros poden acceder aos excedentes destes rabaños, incorporándoos ás súas explotacións.

A subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de Galicia para o período 2023-2027 relativa ás asociacións para a preservación dos recursos gandeiros, ten entre os seus obxectivos a recuperación da variabilidade xenética, e a súa potenciación, de ser o caso, así como implantar mecanismos que permitan aos gandeiros acceder aos fondos xenéticos dispoñibles das razas autóctonas.

O INORDE é un organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Deputación Provincial de Ourense, creado no ano 1987, co obxecto, entre outros, de potenciar o desenvolvemento integrado e equilibrado das zonas rurais da provincia de Ourense.

A Consellería do Medio Rural e o INORDE desenvolven conxuntamente, dende o ano 2010, e encadradas nos sucesivos Programa de desenvolvemento rural de Galicia, actuacións sobre as razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, nas instalacións pecuarias de Armariz, mantendo rabaños de animais vivos destas razas tratando de preservar a variabilidade das mesmas. No ano 2023 asinouse o último convenio para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, finalizando a súa vixencia o 31 de agosto de 2025.

Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto, unha vez finalizado o convenio anterior, formalizar co INORDE o instrumento convencional arriba referido por un período de





vixencia que abrangue dende a súa sinatura, que en ningún caso será anterior ao 1 de setembro de 2025, ata o 31 de decembro de 2027.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e INORDE para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zootécnicos autóctonos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Como xa se mencionou anteriormente, as actuacións ex situ in vivo comprenden o mantemento de rabaños de cara a conservar a diversidade biolóxica fora do seu hábitat, contribuíndo ao mantemento da variabilidade xenética a través de cruces dirixidos, permitindo obter unha reserva de recursos das razas fronte a posibles perdas e complementando o programa in situ das mesmas. E precisamente, un dos obxectivos da subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de Galicia para o período 2023-2027 relativa á conservación de recursos xenéticos na agricultura é a recuperación da variabilidade xenética e a posta a disposición dos gandeiros dos fondos xenéticos dispoñibles das razas autóctonas.

A colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o INORDE na conservación ex situ dos recursos zootécnicos autóctonos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta remóntase ao ano 2010. O traballo con razas ameazadas debe ser ininterrumpido, as labores de conservación, asesoramento e difusión non deberían deterse polo que a renovación dos compromisos adquiridos suporá unha continuidade temporal que resulta imprescindible nas tarefas de recuperación das nosas razas autóctonas.

O desenvolvemento deste proxecto, só é posible coa participación do INORDE, debido ao específico das actividades a desenvolver, as razas afectadas e as instalacións e o persoal necesario para desenvolvelas. A concentración das distintas especies baixo unha mesma dirección, xestión e control facilita o cumprimento dos obxectivos, para asumir con garantías de éxito o futuro da conservación e mellora destas razas. Actualmente, só o INORDE dispón de capacidade técnica e dispoñibilidade para





abordar este programa. Se ben existen outras asociacións e entidades dedicadas á conservación de estas razas autóctonas ameazadas, ningunha delas leva a cabo proxectos de conservación "ex situ" coas mesmas, precisamente por non contar cunhas instalacións coas características axeitadas. Ademais, o INORDE conta co apoio e orientación das asociacións oficialmente recoñecidas para a xestión do libro xenealóxico das razas obxecto do convenio, colaborando, a través de liñas de actuación distintas, nun obxectivo común.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de trescentos noventa e dous mil setecentos euros (392.700,00 €).

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio a desenvolver por INORDE, no marco da subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

O importe total financiado pola Consellería do Medio Rural ascende a cento noventa e seis mil trescentos cincuenta euros (196.350,00 €) para o período 2025-2027, dispoñibles na aplicación 2025.15.04.713C.6409, código de proxecto 2025 00136. Estará condicionado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria e distribuírase coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:





- 28.350,00 € para o ano 2025.
- 84.000,00 € para o ano 2026.
- 84.000,00 € para o ano 2027.

O INORDE fará unha achega máxima de cento noventa e seis mil trescentos cincuenta euros (196.350,00 €) valorada para cada unha das anualidades do convenio en:

- 28.350,00 € para o ano 2025.
- 84.000,00 € para o ano 2026.
- 84.000,00 € para o ano 2027.

Por todo o exposto, solicítase a tramitación do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e INORDE, para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia, destinadas ás razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no marco do PEPAC de Galicia 2023-2027.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, á data da sinatura.

O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinado dixitalmente no lateral.

